

PLAN DIGITAL

Leip Plurilingüe Pena de Francia

Índice do Plan Dixital

1. <u>Introdución</u>	
1.1. Datos básicos do centro.....	2
1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	2
1.3. Breve xustificación do mesmo	4
1.4. Proceso de elaboración	4
2. <u>Situación de partida</u>	
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	5
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	9
2.3. Análise DAFO	11
3. <u>Plan de Acción</u>	
3.1. Obxectivos, indicadores e accións	12
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas ...	15
4. <u>Avaliación do PD</u>	
4.1. Seguimento do Plan de Acción	17
4.2. Propostas de mellora (revisión)	17
5. <u>Difusión do PD</u>	17

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

DATOS DO CENTRO	
Nome	Ceip Plurilingüe Pena de Francia
Código do centro	36013564
Enderezo	Estrada Puxeiros-Mos, 51 (36416)Tameiga.Mos
Teléfono	886110323
Correo electrónico	ceip.pena.francia@edu.xunta.gal ,
Web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippenafrancia/
Etapas educativas	Educación Infantil e Educación Primaria
N.º de Profesorado	26
N.º de alumnado	247

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Colexio comenzou a súa labor educativa durante o curso 1977-78 agrupando ás escolas unitarias que había por diversas parroquias, como as de Dornelas, Cototorrón, Guizán, etc . Nos seus inicios estaba illado, e rodeado de monte e campos de cultivo.

O CEIP PLURILINGÜE "PENA DE FRANCIA" atópase no barrio de Igrexa na parroquia de Tameiga pertencente ó concello de Mos, poboación da área metropolitana de Vigo e que conta cunha poboación de máis de 15.000 habitantes, distribuídos nas parroquias de Cela, Dornelas, Guizán, Louredo, Mos, Pereiras, Petelos, Sanguñeda, Tameiga e Torroso. O seu habitat presenta numerosas células de poboación cunha tipoloxía de vivenda xeralmente unifamiliar. Os nosos alumnos e alumnas proceden sobre todo das parroquias de Tameiga, Guizán, Dornelas e Torroso, aínda que tamén temos algúns do concello de Porriño, Redondela e Vigo.

Dentro desta tipoloxía de poboamento, está ubicado nunha zona industrial con fábricas e almacéns, así como tamén do aeroporto de Peinador. A zona urbana consolidada máis cercana é Puxeiros que pertence a parroquia de Tameiga, a máis

poboada do concello, e da que proceden a maior parte dos alumnos e alumnas do Centro.

As familias que forman parte da comunidade educativa do noso centro pertencen a un nivel socio-económico cultural medio-baixo.

Por sectores de actividade amosa superioridade a industria, seguido do sector servizos, a construción e por último a agricultura.

A conexión a internet na zona non é de boa calidade e as familias quéixanse de non ter sinal moitas veces e cando a teñen é lenta. Non se poden conectar varias persoas da mesma vivenda á rede e a partir das 8 da tarde (cando a maioría das persoas están nas súas vivendas) a conexión é imposible.

Nas zonas onde hai fibra instalada, non está conectada, por exemplo, zonas próximas aos centros educativos.

O plan dixital está concibido para mellorar aqueles aspectos nos que se observaron deficiencias e/ou necesidades tras a análise das enquisas realizadas polo profesorado e alumnado do centro e facilitar a actividade docente a nivel dixital.

No presente curso escolar o centro participa nos seguintes programas de innovación: Programa PLAMBE, Radio Escolar, Biblioteca Creativa, Contratos programa (PROA, iniciativa ARCO), Proxecta (Froita na escola, Xogade), Sección Bilingüe (5º e 6º), Plurilingüe (1º, 2º, e 3º), Etwinning, Prensa na Escola e Voz Natura. Todos estes proxectos precisan dunha infraestrutura e equipamento dixitais axeitados para a súa posta en práctica.

Ademais destes proxectos de innovación, estanse a levar a cabo outros proxectos e actividades de grande interese para o alumnado nos que se precisa o emprego da tecnoloxía ben para desenvolves na súa integridade, ben para traballar nalgunha das súas fases a nivel investigación e/ou creación de modelos e formularios. Estes programas son: Proxecto de Dinamización da Lingua Galega e a Horta Escolar.

De cara á programación anual do curso 2022-2023 prevese iniciar a posta en marcha das accións que figuran no plan de acción do plan dixital para a consecución

dos obxectivos propostos valorando ao final de curso o grao de consecución dos mesmos e as propostas para o seguinte curso académico.

Este plan pretende ser un documento onde se recollen as estratexias orientadas a continuar o proceso de mellora da competencia dixital do profesorado e alumnado iniciado co itinerario formativo recollido no Plan TIC e está enmarcado no proxecto educativo de centro e en consonancia co mesmo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración deste plan partimos do marco legislativo vixente:

- ◆ Os artigos 111 bis, 121 e 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación establecen a promoción do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na aula, a obrigatoriedade de recoller a estratexia dixital do centro no proxecto educativo e inciden nas competencias da persoa que ostenta a dirección do centro para o desenvolvemento dos proxectos do centro e o cumprimento da lexislación vixente.
- ◆ A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 indica a obrigatoriedade da elaboración do plan dixital no curso 2021-2022.
- ◆ A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e aplicación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, establece as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e aplicación do Plan Dixital para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do plan dixital creouse, segundo o indicado na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e aplicación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, un Equipo de Dinamización do Plan Dixital integrado polas

tres persoas que conforman o equipo directivo (directora, xefa de estudos e secretaria) e a coordinadora de dinamización TIC (que é a secretaria).

No curso pasado tiñamos un grupo de traballo vinculado ás novas tecnoloxías e polo tanto continuamos neste curso para elaborar o Plan Dixital do Centro. A coordinadora estaba matriculada no curso da aula virtual da Rede Galega de Educación Dixital (Adix Vigo 4) onde se establecían as distintas fases e tarefas a entregar, ademais de publicarse materiais explicativos e modelos para elaborar este documento.

O equipo contou coa colaboración do asesor asignado ao centro que resolveu as dúbidas e achegou materiais explicativos e modelos para desenvolver as distintas fases da elaboración do plan.

A análise inicial levouse a cabo tendo en conta os seguintes aspectos:

- Análise resultante das enquisas elaboradas polo profesorado, equipo directivo e alumnado coa ferramenta SELFIE.
- Análise resultante do test de competencia dixital docente elaborado polo profesorado.
- Análise dos resultados do informe DAFO.
- Análise dos recursos e infraestrutura existentes no centro.
- Análise das achegas de mellora recollidas polo equipo de dinamización TIC.

As persoas integrantes do grupo de traballo asistiron a dúas sesións de formación por videochamada onde se presentaron os modelos e exemplos para a elaboración do DAFO e do Plan de Acción.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

• Infraestrutura dixital

Actualmente a conexión é cableada con 1 Gb de subida e 1 Gb de baixada e fibra. Seguimos tendo unha antena de recepción que foi instalada fai uns 5-6 anos para poder ter conexión a internet.

A wifi non funciona moi ben, xa que a velocidade é moi lenta, tarda moito en cargar e hai zonas do colexio que non teñen sinal.

• Equipamento dispoñible:

Espazos	Equipamento	Uso	Estado
Dirección	PC de sobremesa, periféricos.	Xestión do centro	Regular
Secretaría	PC de sobremesa, periféricos.	Xestión do centro	Regular
Xefatura de estudos	PC de sobremesa, periféricos.	Xestión do centro	Regular
Orientación	PC de sobremesa, periféricos.	Xestión do centro	Regular
Sala de usos múltiples	1 PC de sobremesa, canón proxector e equipo de son.	Xestión docente	Regular
Sala de mestres	2 PC de sobremesa, canón proxector.	Xestión docente	2 regulares
Biblioteca	1 PC sobremesa	Xestión biblioteca	Regular
	1 PC sobremesa	Uso do alumnado	Obsoleto
	1 Portátil	Alumnado	1 Bo
	1 Pantalla Interactiva Táctil	Alumnado e profesorado	Nova
Radio Escolar	1 PC de sobremesa	Docencia	Bo
Salón de usos múltiples	Portátil, canón proxector.		O PC regular e o proxector bo.
Aula PT	1 PC sobremesa, canón e Pizarra Dixital Interactiva.	Docencia	PC regular e canón obsoleto. A pizarra é pequena e está obsoleta.
Aula AL	1 PC sobremesa	Docencia	Regular
Aulas de Infantil	3 anos A	Docencia	Regular
		1 PC sobremesa	A pizarra boa o canón obsoleto.
		1 Pizarra Dixital Interactiva e canón.	
	3 anos B	Docencia	Regular
	1 PC sobremesa		A pizarra boa o canón obsoleto.
	1 Pizarra Dixital Interactiva e canón.		
4 anos A	Docencia	Regular	A pizarra boa o canón
	1 PC sobremesa		
	1 Pizarra Dixital		

	4 anos B	Interactiva e canón 1 PC sobremesa 1 Pizarra Dixital	Docencia	obsoleto. Regular A pizarra boa o canón obsoleto.
	5 anos	Interactiva e canón 1 PC sobremesa 1 Pizarra Dixital	Docencia	Regular A pizarra regular o canón obsoleto.
Relixión		Interactiva e canón 1 PC sobremesa	Docencia	Regular
Inglés		1 PC sobremesa e unha pantalla interactiva táctil.	Docencia	PC Regular e a pizarra nova.
Educación física		Portátil	Docencia	Obsoleto
Música		Portátil, proxector, pizarra dixital interactiva.	Docencia	Canón, portátil e pizarra obsoletos.
Sala de informática		Pantalla interactiva táctil.	Docencia	Nova
Aulas de Primaria	1º	18 PC sobremesa. Portátil, PC de sobremesa e pantalla interactiva táctil.	Uso do alumnado Docencia	PC regular PC vello, portátil bo e pantalla táctil nova.
	2º	PC de sobremesa e pantalla interactiva táctil.	Docencia	PC e pantalla interactiva novos.
	3º	PC sobremesa, canón proxector e pizarra dixital interactiva	Docencia	PC, canón e pizarra dixital obsoletos.
	4º A e B	PC de sobremesa e canón proxector en cada aula.	Docencia	PC e canón obsoletos.
	5º A e B	PC de sobremesa, canón proxector e pizarra dixital interactiva.	Docencia	En bo estado.
	6º A e B	PC de sobremesa, canón proxector e pizarra dixital interactiva.	Docencia	En bo estado.
	2º Aula de inglés	PC de sobremesa, canón proxector e	Docencia	PC, canón e pizarra obsoletos.

Usos varios	pizarra dixital interactiva. 5 portátiles	Traballo profesorado	3 obsoletos (que non se usan, XP) 2 en bo estado.
Uso para a fotocopiadora	1PC de sobremesa	Emprégase para imprimir.	Regular
13 ordenadores portátiles		Enviounos a consellería en caso de confinamento	

- **Servizos dixitais educativos:**

O centro conta cun **sitio web** que serve como canle de comunicación con toda a comunidade educativa e ademais recolle as reportaxes gráficas das actividades realizadas dentro e fóra do colexio. Os blogs educativos creados e xestionados por varios docentes para achegar recursos e as actividades realizadas nas aulas ao alumnado e familias. A **aula virtual** onde se ubica a documentación relativa aos cursos desenvolvidos no centro e toda a documentación relativa ao traballo publicado polos mestres e as tarefas que realiza o alumnado na aula virtual.

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippenafrancia/>

Aula virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippenafrancia/aulavirtual/>

Blogues:

- Biblioteca: <http://bibliotecapena.blogspot.com/>
- Dinamización Lingüística: <http://aludemos.blogspot.com/>
- Infantil: <http://aula-maxica.blogspot.com/>
- Inglés: <http://penadefranciaingles.blogspot.com/>
- Relixión: <https://penadefranciarelixion.blogspot.com/>
- Etwinning: <http://proyectoetwinning.blogspot.com/>
- Primaria: <https://enredenapena.blogspot.com/>

Tanto o equipo directivo como parte do profesorado emprega o servizo de mensaxería existente no espazo Abalar para comunicarse coas familias. Ás familias de nova incorporación ao centro se lles informa e asesora para que descarguen a aplicación do abalarmóbil.

- Xestión de mantemento do equipamento de centro:

O mantemento do equipamento xestionase con servizos técnicos externos, correndo os gastos a conta do orzamento do centro, xa que a uac non presta servizo de mantemento do equipamento non proporcionado pola administración (que no noso caso é máis ou menos o 90%). Coa unidade de atención a centros xestionamos as incidencias relacionadas coa rede, conexións, novas tomas... a través do correo electrónico ou por teléfono.

Indicar que todos os PC de sobremesa que hai no colexio, exceptuando 2, os demais foron mercados polo colexio. E as pizarras e pantallas interactivas só dúas as enviou a consellería e están obsoletas. Grazas á inversión que leva facendo o centro durante todos os anos en material informático é posible desenvolver o labor docente e integrar as TIC na programación.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado	3.7				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	3.8				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	3.3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	2.6				

	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	4.2				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>9</u>	<u>18</u>	<u>50%</u>
PROVISIONAL	<u>4</u>	<u>4</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>4</u>	<u>25%</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>4</u>	<u>25%</u>
DESPRAZADO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>58,9</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>2</u>	<u>11,8%</u>
A2	<u>10</u>	<u>58,8%</u>
B1	<u>3</u>	<u>17,6%</u>
B2	<u>2</u>	<u>11,8%</u>
C1		
C2		
TOTAL	<u>17</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>1.As aulas e departamentos teñen proxector e pc.</p> <p>2. A maioría de aulas teñen pizarra interactiva.</p>	<p>1.Equipamento vello e a maioría adquirido co orzamento de gastos de funcionamento.</p> <p>2.Conexión a internet moi lenta.</p> <p>3. A asistencia técnica temos que pagala co orzamento de gastos de funcionamento.</p> <p>4. Non temos formación en protección de datos na internet.</p>
	PERSONAL DOCENTE	<p>1. O profesorado emprega as aplicacións da Consellería (correo electrónico, abalar, aula virtual, páxina web).</p> <p>2.Algúns docentes participan activamente en cursos ofertados polo CFR.</p>	<p>1. Existencia de niveis moi diferentes entre o profesorado.</p> <p>2. Falta de tempo para elaborar materiais dixitais.</p> <p>3. Pouca consideración co profesorado con dificultades nas novas tecnoloxías.</p>
	PERSONAL NON DOCENTE		<p>1. Non temos personal administrativo.</p>
	ALUMNADO	<p>1. Motivado e implicado.</p>	<p>1. Desmotivación por outras aprendizaxes.</p> <p>2.Aumento de trastornos visuais.</p> <p>3.Excesiva confianza no seu grao de coñecemento que despois non é efectivo para a resolución dos problemas.</p> <p>4. O alumnado de cursos inferiores necesita o apoio directo dun adulto para realizar as tarefas de informática.</p> <p>5..Adicción ás pantallas.</p>
	FAMILIAS	<p>1. Emprego do Abalar.</p> <p>2. Relación coas familias maioritariamente por correo electrónico.</p>	<p>1. Pasan moito tempo diante das pantallas na casa.</p> <p>2. Diferentes niveis de competencia dixital das familias.</p>
	OFERTA		<p>1. Pouca implicación por parte da maioría do profesorado con respecto á formación en novas tecnoloxías.</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1.Boa capacidade resolutiva .</p>	<p>1. Se resollen as incidencias pero temos que pagarlle a un informático privado.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1.Mellorar e modernizar os equipos informáticos.</p> <p>2.Crear unha figura de informático de zona, para solventar as incidencias de forma inmediata.</p>	<p>1.Demasiada burocracia .</p> <p>2.Presión nos prazos de entrega dos documentos.</p> <p>3.Páxina web dos centros educativos da consellería moi pouco intuitiva.</p>
	LEXISLACIÓN		<p>1.Cambio constante das leis educativas.</p> <p>2. Pouca información sobre a normativa relativa as TIC.</p>
	CONTORNA		<p>1. Entorno rural con mala conectividade e con servizos de conexión máis caros que nas cidades.</p> <p>2.Falta de cobertura.</p>
	ANPA	1. Colaboración axeitada e sempre están dispoñibles.	
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tras a análise do informe DAFO, estableceuse un período de posta en común para que cada integrante do equipo de dinamización do Plan Dixital achegase a súa visión sobre as áreas de mellora e obxectivos que considerase importantes para realizar no centro.

Aos datos obtidos coa análise DAFO, se lle engadiu a información aportada polo equipo de dinamización TIC do centro.

Feita a posta en común en grupo, comezouse co traballo de determinar os obxectivos que formarían parte deste plan e as accións a desenvolver para este fin.

Posteriormente determináronse os indicadores, valores, datas e recursos e cubríronse todos os apartados que conforman o plan de acción.

A continuación figuran as táboas cos datos que configuran o plan de acción.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1: (1)	Formación na páxina web do colexio	Acadado				
Responsable:	COORDINADORA TIC	Non acadado				
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Número de publicacións na páxina web do centro.					
Valor de partida: (3)	3 publicacións					
Valor previsto e data: (4)	6 publicacións					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Reunión inicial de todo o claustro.	DIRECTORA	Setembro 2022	Convocatoria		Realizada	
A01.2: Formación. Reunión coa persoa asesora CAFI/CFR para trasladar as necesidades formativas	COORDINADORA TIC	Decembro 2022	PROFESORADO		Aprazada	
A01.3: Publicacións	COORDINADORA TIC	Dende Xaneiro a Xuño do 2023	A páxina web do centro/Aula Virtual		Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C - INFRAESTRUTURA E EQUIPOS

OBXECTIVO 2: (1)		Acadado				
Dotar, actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro e de conexión Wifi en todo o centro.		Non acadado				
Responsable: DIRECCIÓN. COORDINADORA TIC.						
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2) Cantidade de dispositivos renovados.						
Valor de partida: (3) Ningún dispositivo actualizado e/ou renovado						
Valor previsto e data: (4) X dispositivos actualizados e/ou renovados						
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro.	Coordinadora TIC	1º trimestre.	Inventario de recursos dixitais e estado.		Realizada	
A01.2: Solicitar a dotación co equipamento necesario.	Equipo directivo e coordinadora TIC.	Decembro 2022	Solicitude diante da UAC/AMTEGA/Asesoría Abalar.		Aprazada	
A01.3: Posta en marcha dos novos equipos e puntos de acceso.	Coordinadora TIC, UAC.	Xuño 2023			Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Analizados todos os recursos cos que contan os distintos espazos do centro consideramos necesario a dotación e renovación do seguinte equipamento:

- **Zona administrativa:** renovación de 2 equipos, secretaría e dirección, para axilizar o traballo.
- **Sala de mestres:** renovación dos 2 equipos (PC de sobremesa) e aumentar a dotación actual. O profesorado precisa destes equipos para desenvolver o seu traballo nos períodos lectivos sen alumnado.
- **Aula de PT:** renovación do PC de sobremesa e da pizarra dixital interactiva xa que os actuais están obsoletos e dificultan o traballo co alumnado.
- **Aula de AL:** 1 pizarra dixital, xa que non dispón de ningunha.
- **Aula de informática:** ampliación dos equipos que conforman a aula co seu equipamento (teclado, rato e monitor). Para atender as necesidades actuais do alumnado e as demandas do profesorado para poder realizar as actividades recollidas na súa programación que precisan de equipamento informático. Os equipos que hai na actualidade non chegan para todos os alumnos da aula e algúns teñen que compartilo, isto unido ás incidencias que presentan os ordenadores, que tardan en resolverse, fai que haxa profesorado que decida non ir á aula de informática por considerar que o tempo empregado non resulta produtivo.
- **Biblioteca:** dotación de 2 ordenadores con equipamento para o traballo do alumnado e renovación de 1 equipo para o traballo do profesorado na biblioteca. Precísanse equipos novos para impulsar o desenvolvemento do traballo de busca de información e investigación do alumnado xa que non se dispón deles.
- **Aulas de infantil:** 1 pantalla interactiva táctil (1 aula de infantil non ten) e 20 tablets para compartir en infantil.

- **Aula de 1º:** 1 PC de sobremesa con equipamento (rato, teclado, monitor e altavoces).
- **Aula de 2º:** 25 tablets para compartir no primeiro ciclo.
- **Aula de 3º:** dotación dun ordenador de sobremesa e pantalla interactiva táctil.
- **Aulas de 4º:** renovación dos PC de sobremesa e dotación dunha pantalla dixital interactiva.
- **Aulas de 5º:** 25 tablets para compartir co segundo e terceiro ciclo.
- **Aula de música:** dotación dun PC e unha pantalla interactiva táctil.
- **Aula de Inglés:** a 2º aula de inglés (Arts) precisa dun PC de sobremesa e de pantalla interactiva táctil.
- **Aula de E.F.:** 1 tablet
- Revisar a **conexión wifi**, xa que é moi lenta, tarda moito en cargar e si hai varias persoas conectadas aínda é máis lenta.
- **Plataforma de almacenaxe de arquivos na nube** coa posibilidade de compartir información para facilitar o traballo colaborativo do equipo directivo e do profesorado.
- **Plataforma para a creación e xestión de correos electrónicos para o alumnado.**

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

De xeito trimestral, realizarase un seguimento do desenvolvemento das accións propostas para acadar os obxectivos formulados no plan coa finalidade de valorar a evolución das mesmas.

Tras esta valoración o equipo de dinamización do Plan Dixital adoptará, se fose necesario, as medidas oportunas para impulsar o correcto desenvolvemento das accións e/ou corrixir as deficiencias observadas na súa realización.

O plan valorarase a final de curso avaliando os indicadores específicos de cada acción proposta para determinar se o obxectivo foi alcanzado e en que grao.

4.2. Propostas de mellora

En base á análise dos indicadores elaborárase un informe final no que se recollerán os resultados, xunto cos aspectos positivos e negativos e as propostas de mellora para o vindeiro curso. Este informe formará parte da memoria do equipo de dinamización TIC e da memoria do centro.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado polo Consello Escolar, oído o claustro, este plan será publicado e difundido a través da páxina web do centro. Así mesmo, o profesorado tamén terá acceso ao mesmo a través da aula virtual do centro e do servidor do centro creado para aloxar todos os documentos de centro.